



## Virtudes

VI 303

A muiñeira do mar -e  
a muiñeira do mar -e  
tócame esa muiñeira,  
que a quero ir bailar -e.

Ailalá

(...)

## Guillermina

Pasei pola túa porta,  
erghín os ollos e vin  
un letreiro que dicía:  
“ Eu para ti non nacín -he. ”

Eu como sabía ler  
quitei un e puxen outro  
“ Ti para min non naciche  
eu para ti tampouco. ”

[Pasei pola túa porta,]  
erghín os ollos e vin -he  
un letreiro que dicía:  
“ Eu para ti non nacín -he. ”

Eu como sabía ler  
quitei un e puxen outro  
“ Ti para min non naciche  
eu para ti tampouco. ”

Ai, sabe Dios de hoxe nun ano  
ai, onde estará ai o meu corpo.

Ai, aquí ou noutro lado  
ai, ou na sepultura morto.

Árdelle o eixo,  
árdelle o carro.  
Árdelle o eixo,  
hai que mollalo,



hai que mollalo,  
hai que mollalo.  
Árdelle o eixo  
Árdelle o carro.

Ai na Casiña non hai quen entre,  
ai na Casiña non hai quen entre.  
Ai con tantas moza bonita,  
ai con tanto home valente.

*VI 1414d*

Miña nai e maila túa  
quedan no río berrando,  
por causa dunha ghaliña  
que ten amores co ghalo.  
Por causa dunha ghaliña  
que ten amores co ghalo.

Oliñas veñen, oliñas veñen  
oliñas veñen e van  
non te vaías rianxeira  
que te vas a marear.

*VI 418*

Tenemos cinco sentidos  
y los cinco precisamos  
tenemos cinco sentidos  
y los cinco precisamos.  
Solamente los perdemos  
cuando nos enamoramos.